

Se unha persoa seleccionada causa baixa antes do comezo ou no transcurso das primeiras vinte e catro horas lectivas do curso, deberá comunicarllo á EGAP para a súa substitución pola que lle corresponda segundo a orde de preferencia no proceso selectivo.

Décima primeira.-*Expedición do diploma de directivo.*

Finalizados os cursos, o seu director elevará a proposta dos aptos ao director da EGAP, que ditará a resolución definitiva e expedirá o diploma de directivo.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2009.

Carlos Suárez-Mira Rodríguez
Director da Escola Galega de Administración
Pública

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 5 de febreiro de 2009 pola que se fai pública a ampliación do límite de crédito dispoñible para o ano 2009 e 2010 das bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas.

Mediante Resolución do 4 de novembro de 2008 publicouse o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aprobou as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (DOG nº 215, do 5 de novembro), e foron modificadas mediante Resolución do 23 de xaneiro de 2009 (DOG nº 19, do 28 de xaneiro).

No artigo 20 das ditas bases establécese a súa dotación orzamentaria, así como que os créditos poderán ser modificados e/ou ampliados á vista das solicitudes presentadas, do cal se daría a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

Debido ao elevado número de solicitudes presentadas ao abeiro das tres liñas de axuda establecidas nas bases (programa de apoio ao circulante, programa de refinanciamento de pasivos e programa de ampliación de capital), nun contexto no que as Pemes galegas deben adecuar o seu financiamento á realidade económica actual, parece oportuno incre-

mentar o importe aprobado para as axudas establecidas nestas bases.

Por todo o anterior, e en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Amplíase en 5.325.000 € para o exercicio 2009 e en 4.675.000 € para o exercicio 2010 o crédito establecido na partida 02.01-E5/10/01-656700 para as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, resultando un total de crédito dispoñible de 5.925.000 € para o exercicio 2009 e de 4.875.000 € para o exercicio 2010, modificándose de tal xeito o artigo 20 das ditas bases.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

Resolución do 6 de febreiro de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras da convocatoria para o exercicio 2009 de 25 bolsas de promoción exterior.

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), en liña coas funcións que ten encomendadas como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, está levando a cabo unha serie de accións no ámbito exterior desde o apoio á formación de capital humano especialista no eido internacional, o apoio ás empresas galegas no seu proceso de expansión exterior, á captación de investimentos estranxeiros cara a Galicia. Para iso o Igape conta con presenza permanente en varios países a través dos Centros de Promoción de Negocios do Igape no exterior.

Esta presenza internacional refórzase por medio do programa de bolsas de promoción exterior, a través do cal mozos titulados universitarios adquiren unha formación teórica e práctica no ámbito internacional, á vez que desde os seus destinos prestan apoio ás empresas galegas na súa busca de novos mercados e ao establecemento de acordos con empresas estranxeiras.

Por todo o anterior, o Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, na súa xuntanza do 23 de setembro de 2008, aprobou as

bases reguladoras da convocatoria para o exercicio 2009 de 25 bolsas de promoción exterior.

Por todo o que antecede,

RESOLVO:

Único.-Dar publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Igape do 23 de setembro de 2008 polo que se aproban as bases reguladoras da convocatoria para o exercicio 2009 de 25 bolsas de promoción exterior, que se xuntan como anexo I a esta resolución.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

ANEXO

**Bases reguladoras da convocatoria para o exercicio 2009
de 25 bolsas de promoción exterior do Instituto Galego
de Promoción Económica (Igape)**

Base 1ª.-Obxectivo.

O obxecto destas axudas dirixese a formar 25 especialistas no ámbito internacional á vez que realizar prácticas encamiñadas á captación de investimentos e expansión exterior da empresa galega, tales como detección de potenciais investidores estranxeiros cara a Galicia, busca de oportunidades de negocio e investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.

Base 2ª.-Requisitos dos solicitantes.

Poderán presentar solicitude para acollerse a estas bolsas aqueles titulados que cumpran os seguintes requisitos:

2.1. O cumprimento dalgunha das seguintes condicións:

-Ter veciñanza administrativa en Galicia cunha antigüidade superior a 24 meses.

-Ser natural de Galicia.

-Ser fillo ou descendente en liña directa ata o terceiro grao, de emigrantes galegos no exterior.

2.2. Cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para ser considerado beneficiario de subvencións.

2.3. Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións universitarias (superior ou media) na data en que finaliza o prazo de presentación de solicitudes: arquitectura, bioloxía, biotecnoloxía, ciencias ambientais, ciencias do mar, física, xeoloxía, enxeñaría, matemáticas, química, ciencias económicas e empresariais, administración e dirección de empresas, ciencias empresariais, economía, dereito, cien-

cias políticas, xornalismo, comunicación audiovisual, publicidade e relacións públicas, turismo. A titulación deberá terse obtido con posterioridade ao 31 de decembro de 2001.

Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros privados españois deberán estar homologados polo Ministerio de Educación e Cultura español na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

2.4. Dominio dun dos seguintes idiomas (falado e escrito): alemán, francés, inglés, italiano ou portugués.

Para estes efectos, os candidatos deberán realizar unha proba do idioma elixido. Os candidatos poderán examinarse como máximo dun dos idiomas anteriores, para o que deberán indicar o idioma obxecto de exame na solicitude.

2.5. Non ter concedida mediante resolución ou desfrutado con anterioridade ningunha outra bolsa do Igape, así como non estar desfrutando durante o proceso de selección dunha bolsa no Igape concedida a través doutras institucións.

2.6. Non ter desfrutado doutra bolsa no estranxeiro concedida por outros organismos. Exceptúanse as bolsas de estudos desfrutadas durante os anos escolares ou universitarios.

2.7. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que imposibilite o cumprimento das súas obrigas como bolseiro.

2.8. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma.

Base 3ª.-Duración e destino.

3.1. A duración inicial da bolsa establécese nun mínimo de oito meses e máximo de doce meses contados desde a data de comezo que, para tal efecto, fixe a resolución de concesión, podendo ser prorrogada polo Igape por un período máximo de ata doce meses adicionais en consideración á programación de actividades do Igape e aos resultados acreditados polo bolseiro.

3.2. O período inicial das bolsas desfrutarase preferentemente nos centros de promoción de negocios do Igape no exterior (CPN), nas oficinas económicas e comerciais de España no estranxeiro (Ofcomes) ou outros destinos concertados polo Igape en entidades públicas ou privadas.

A prórroga poderá desfrutarse nos organismos de destino do período inicial ou calquera oficina do Igape, consorcios de exportación galegos en destino, filiais de empresas galegas en destino, asociacións

de empresarios galegos no exterior ou empresas galegas, previamente seleccionados polo Igape.

3.3. Poderanse conceder bolsas para cubrir posibles incidencias ou renuncias por un tempo que cubrirá unicamente o que reste desde a data de inicio da nova bolsa concedida ata a data de finalización que tivese a bolsa inicial. Non poderán concederse bolsas para suplir renuncias ou incidencias por un tempo inferior a seis meses.

Base 4ª.-*Contía.*

4.1. As bolsas estarán dotadas cunha cantidade base anual de 22.000 euros brutos podendo ascender ata 52.000 euros brutos segundo o país e cidade de destino.

A contía da bolsa detállase do seguinte xeito:

-Dotación base.

-Complemento custo de vida do destino.

En caso de prórroga da bolsa, a dotación incrementarase proporcionalmente segundo a duración da prórroga. Previamente á adxudicación das bolsas, o Igape publicará a lista de países de destino así como a contía económica da bolsa asignada a cada un deles.

O Igape correrá cos gastos de desprazamento do bolseiro ao país ou cidade de destino proporcionando un billete de ida ao país de destino e outro de volta a España, que lle serán proporcionados con antelación á data de inicio e finalización da bolsa ou da prórroga concedida. En caso de renuncia á bolsa outorgada o Igape non correrá cos gastos de desprazamento a España, sendo o bolseiro quen deberá sufragalos persoalmente.

4.2. Considéranse incluídos dentro da dotación da bolsa os impostos de carácter persoal así como todos os gastos en que teña que incurrir o bolseiro para o seu desenvolvemento e, en concreto, os seguintes:

-Os gastos de desprazamentos ás oficinas consulares para a obtención e/ou renovación do visado ou permiso de residencia exixidos polas autoridades do país de destino (os gastos de obtención e/ou renovación do visado ou permiso de residencia exixidos polas autoridades do país de destino serán por conta do Igape. O dito gasto deberá ser anticipado polo bolseiro e seralle reembolsado contra presentación da factura pagada polo bolseiro).

-Gastos de estadía no país de destino.

-A contratación dun seguro de enfermidade e accidentes por unha duración equivalente á da bolsa.

-Vacinas ou tratamentos preventivos necesarios para o país de destino.

4.3. O Igape correrá cos gastos de desprazamento, aloxamento e manutención do bolseiro no país de destino ocasionados pola asistencia a feiras ou acompañamento de empresarios galegos no ámbito das actividades da bolsa. Para estes efectos o bolseiro solicitará ao Igape con carácter xeral, con polo menos 15 días de antelación á realización do desprazamento, mediante o oportuno formulario de orde de servizos que lle será proporcionado, e deberá obter a preceptiva autorización do Igape. A liquidación dos ditos gastos efectuarase de acordo co establecido no Consello de Dirección do Igape polo que se fixan as contías por indemnización por razón de servizo.

4.4. O Igape poderá financiar cursos do idioma oficial do país de destino, logo de autorización con polo menos 15 días de antelación ao inicio do curso, sempre que a lingua de estudo non coincida con algún dos idiomas de entre os elixidos polo bolseiro de acordo coa base 2.4 desta convocatoria e sempre que se acredite que o seu coñecemento sexa necesario para o correcto desenvolvemento da bolsa. Unicamente se admitirán aqueles cursos que se realicen nun centro de ensino de idiomas. A liquidación deste gasto realizarase contra presentación do orixinal/ais da factura/s pagadas polo bolseiro, así como dun informe emitido polo centro en cuestión no que se indicará o grao acadado.

4.5. Así mesmo, o Igape poderá aboar ao bolseiro, logo de autorización, calquera outro gasto desembolsado previamente, sempre e cando sexa directamente imputable á actividade desenvolvida no ámbito da bolsa, como poden ser os gastos de envío dos informes realizados. A liquidación deste gasto realizarase contra presentación do orixinal/ais da factura/s pagadas polo bolseiro.

4.6. No caso das actividades de formación que o Igape organice previamente á incorporación dos bolseiros e os reservas, este período terá a consideración de non computable no período da bolsa. As ditas actividades de formación son obrigatorias tanto para os bolseiros como para os reservas, entendéndose a non asistencia como renuncia á bolsa, procedéndose ao arquivo da solicitude, logo de resolución do Igape declarativa desa circunstancia.

Terá unha duración mínima de dous meses, durante os que os bolseiros e reservas percibirán 18,70 euros por día de asistencia, que se pagarán do seguinte xeito:

-Un 1º pagamento á metade do curso de formación.

-Un 2º e último pagamento ao final do curso de formación. Terán dereito a dito pagamento aqueles bolseiros e reservas que rematasen o curso excepto os bolseiros que renunciasesen á incorporación ao seu destino.

4.7. A dotación orzamentaria para estas bolsas ascende ao importe de 1.659.000 euros con cargo ás seguintes partidas:

-01.04-E3/20/03-623200 do orzamento do Igape, distribuído en 81.500 euros para o exercicio 2009, 95.000 euros para o exercicio 2010 e 12.500 euros para o exercicio 2011.

-01.04-E3/20/03-627200 do orzamento do Igape, distribuído en 56.000 euros para o exercicio 2009, 17.000 euros para o exercicio 2010 e 4.500 euros para o exercicio 2011.

-01.04-E3/20/03-629400 do orzamento do Igape, distribuído en 8.750 euros para o exercicio 2009, 15.000 euros para o exercicio 2010 e 18.750 para o exercicio 2011.

-01.04-E3/20/03-651800 do orzamento do Igape, distribuído en 235.000 euros para o exercicio 2009, 867.500 euros para o exercicio 2010 e 247.500 euros para o exercicio 2011.

Neste financiamento participa a Unión Europea a través do Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe que podería acadar ata o 80% da contía da bolsa.

Base 5ª.-*Libramento.*

5.1. A dotación da bolsa aboaráselle ao bolseiro en cinco pagamentos parciais, segundo o seguinte detalle:

-Un 10% da dotación a partir do momento de aceptación da bolsa e sinatura do correspondente compromiso de cumprimento das normas e obrigas que se establezan.

-Un 30% da dotación unha vez recibida a notificación de incorporación ao destino asignado.

-Un 25% da dotación ao termo do primeiro cuadrimestre.

-Un 25% da dotación ao termo do segundo cuadrimestre.

-Un 10% da dotación ao termo da vixencia da bolsa, contra a presentación polo bolseiro dunha memoria final da bolsa, así como dos traballos ou estudos encomendados e a declaración expresa doutras axudas recibidas para a realización do proxecto obxecto da bolsa segundo o anexo IV. O prazo para presentar a dita documentación será de 15 días naturais desde a finalización da vixencia.

5.2. A dotación correspondente á prórroga da bolsa que, se é o caso, se conceda aboarase segundo o seguinte detalle:

-O 60% da dotación a partir do momento da recepción no Igape da aceptación da prórroga da bolsa e sinatura do correspondente compromiso de cumprimento das normas e obrigas que se establezan.

-O 30% da dotación ao inicio do segundo trimestre.

-O 10% restante ao termo da vixencia da bolsa, contra a presentación polo bolseiro dunha memoria final da bolsa, así como dos traballos ou estudos encomendados e a declaración expresa doutras axudas segundo o anexo IV. O prazo para presentar a dita documentación será de 15 días naturais desde a finalización da vixencia.

5.3. A dotación e o calendario de pagamentos das bolsas outorgadas por renuncias estableceranse na resolución de concesión da bolsa en función do período do seu desfrute.

Base 6ª.-*Residencia, mobilidade xeográfica e titulación.*

6.1. Durante a duración da bolsa o bolseiro terá a obriga de residir na cidade de destino que se lle asignase. Non obstante, durante o prazo de desfrute da bolsa, en caso de concorrer causa xustificada, o bolseiro poderá ser trasladado de cidade e/ou do país de destino temporal ou definitivamente, sendo por conta do Igape os gastos de traslado que, se é o caso, se deriven.

No caso de absentismo por enfermidade ou accidente, o bolseiro deberá comunicalo ao Igape e achegar un xustificante médico nos sete días seguintes ao primeiro día de ausencia. No caso de absentismo por enfermidade ou accidente superior a 30 días, o Igape resérvase o dereito de rescindir a bolsa, temporal ou definitivamente ou cambiar o destino se con iso se facilita a reinserción do bolseiro ao desenvolvemento da bolsa.

6.2. O bolseiro poderá dispor dun máximo de catorce días laborais para a realización de actividades de carácter persoal durante os doce meses de duración máxima da bolsa. No caso de prórroga da bolsa o bolseiro poderá dispor dun día por mes prorrogado. Para o seu desfrute deberase solicitar a aceptación e conformidade do Igape e do organismo de destino con carácter xeral con 10 días de antelación.

No caso de prórroga da bolsa, os días para a realización de actividades de carácter persoal non desfrutados con anterioridade, poderán acumularse aos que correspondan ao período de prórroga, non tendo en modo ningún a consideración de gratificables economicamente.

6.3. Para a realización do seu cometido o bolseiro renderá conta en todo momento ao Igape, estando sometido ás instrucións e criterios fixados ou transmitidos por este, ou aos que, se é o caso, este organismo acorde coa institución ou empresa que o acolla.

Base 7ª.-*Procedemento de selección.*

7.1. As solicitudes presentaranse no modelo oficial que se publica como anexo III xunto coa documentación que se publica como anexo II no Institu-

to Galego de Promoción Económica (Igapec), en calquera das súas oficinas ou ben segundo o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A presentación da solicitude de axuda comportaralle a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor poderá non ser requiridos ao interesado.

A documentación redactada nunha lingua non oficial en Galicia deberá presentarse acompañada de tradución realizada por intérprete xurado.

7.2. Prazo de presentación de solicitudes.

Se a publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* se produce antes do día 14 de xaneiro de 2009 ou o mesmo día inclusive, o prazo de presentación das solicitudes e da documentación que deba acompañalas rematará o día 16 de febreiro de 2009. Se se produce o día 15 de xaneiro de 2009 ou seguintes, o prazo de presentación das solicitudes e da documentación que deba acompañalas establécese nun mes a partir do día seguinte á publicación no *Diario Oficial de Galicia* destas bases.

7.3. A valoración das solicitudes e das probas selectivas realizaraa un comité de selección que estará presidido polo director da Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial (ou o seu suplente, en caso de necesidade) e integrado por outros tres membros de entre o persoal técnico da Dirección da Área (ou os seus suplentes, en caso de necesidade) designados polo presidente do comité de selección, actuando un deles como secretario.

7.4. Proba de idiomas. Todos os aspirantes que presentasen a súa solicitude dentro do prazo establecido no punto 7.2 serán convocados a unha proba eliminatoria do idioma elixido na base 2.4. As probas constarán dunha parte escrita e outra oral. A data, a hora e o lugar de realización comunicárase nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Igapec. Será necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 para seguir no procedemento.

7.5. Preselección. Unha vez realizada e corrixida a proba de idioma, o comité de selección confeccionará unha lista provisional na que constará:

a) A nota obtida na proba de idioma.

b) A valoración do expediente académico, segundo o seguinte baremo de puntuación:

Matrícula de honra: 10 puntos.

Sobresaliente: 9 puntos.

Notable: 7 puntos.

Aprobado: 5 puntos.

c) A experiencia laboral por conta allea ou por conta propia de polo menos un ano obterá medio punto neste apartado. Para a súa acreditación presentárase a documentación establecida no anexo II punto 12.

d) A formación específica en comercio exterior (masters, curso de posgrao, cursos ou similares), polo que os candidatos que acrediten a realización, de acordo co establecido no anexo II punto 14, dun curso completo nesta materia de duración igual ou superior a 300 horas ou 30 créditos obterán medio punto nesta epígrafe, ou un cuarto de punto se o curso acreditado é de duración igual ou superior a 140 horas ou 14 créditos e inferior a 300 horas ou 30 créditos.

e) O coñecemento da lingua galega, polo que os candidatos que acrediten posuír o certificado de lingua galega Celga 3 ou equivalente obterán medio punto neste epígrafe. Para a súa acreditación presentárase a documentación establecida no anexo II punto 8.

f) Os posibles motivos de exclusión derivados de defectos na presentación da documentación requirida establecida no anexo II.

7.6. A lista provisional será exposta nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Igapec, e abrírase un prazo de dez días hábiles para que os interesados poidan completar a súa solicitude, achegando a documentación necesaria, así como presentar alegacións respecto da puntuación obtida.

7.7. Finalizado o prazo de emendas e alegacións, o Igapec publicará nos taboleiros de anuncios e na súa web a lista definitiva de ata os cen candidatos que tiveran obtido mellor puntuación global, os cales serán convocados á entrevista persoal. Publicarase igualmente a lista de excluídos e a causa de exclusión.

Os anteriores criterios de avaliación ponderaranse do seguinte xeito:

-Proba de idioma: 20%.

-Expediente académico: 50%.

-0,5 puntos por experiencia laboral previa.

-0,5 ou 0,25 puntos por formación específica en comercio exterior.

-0,5 puntos por coñecemento da lingua galega.

A suma total destas puntuacións será como máximo de 8,5 puntos.

7.8. Entrevista persoal. Os aspirantes admitidos someteranse a unha entrevista persoal tendente a

avaliar a adecuación do perfil do candidato ás tarefas que van desempeñar durante o período de disfrute da bolsa. A entrevista persoal valorarase ata un 15% da avaliación total, puntuando cun máximo de 1,5 puntos.

7.9. As probas e entrevistas terán lugar en Santiago de Compostela, correndo por conta do solicitante, se é o caso, os gastos de desprazamento, estadía e manutención.

7.10. Adxudicación das bolsas.

a) Unha vez feita pública, a través dos taboleiros de anuncios e páxina web do Igape, a relación de países de destino, a contía da súa dotación económica e o idioma que será tido en conta para acceder a cada un deles, e á vista dos resultados globais do proceso de selección, o comité de selección convocará a través dos taboleiros de anuncios e da páxina web do Igape os candidatos con mellor puntuación final para elección de destino, segundo o seguinte procedemento:

i) Haberá 7 grupos de países:

Grupo 1: países nos que o idioma oficial é o inglés.

Grupo 2: países nos que o idioma oficial é o francés.

Grupo 3: países nos que o idioma oficial é o alemán.

Grupo 4: países nos que o idioma oficial é o italiano.

Grupo 5: países nos que o idioma oficial é o portugués.

Grupo 6: países nos que o idioma oficial é o castelán.

Grupo 7: Países nos que o idioma oficial é distinto aos indicados nos grupos anteriores.

ii) Primeiramente convocaranse os candidatos en igual número que os destinos dispoñibles para cada grupo de países, exceptuando os destinos do grupo 6, e por orde de puntuación final obtida irán realizando a súa elección dentro de cada grupo de países, segundo o seguinte procedemento: os candidatos que superasen a proba do idioma inglés poderán elixir entre os destinos dos grupos 1 e 7, os que superasen a proba do idioma francés poderán elixir entre os destinos do grupo 2, os que superasen a proba do idioma alemán poderán elixir entre os destinos do grupo 3, os que superasen a proba do idioma italiano poderán elixir entre os destinos do grupo 4, os que superasen a proba de portugués poderán elixir entre os destinos do grupo 5.

iii) Seguidamente, para a elección dos destinos nos países do grupo 6, convocarase, en igual número que destinos dispoñibles, os candidatos non elixidos para os destinos dos grupos 1, 2, 3, 4, 5 e 7, que

farán a súa elección por orde de puntuación final obtida.

iv) En caso de empate na puntuación final obtida, o desempate realizarase por esta orde: maior puntuación na proba de idiomas, maior puntuación no expediente académico, maior puntuación na experiencia laboral, maior puntuación en comercio exterior, maior puntuación na entrevista persoal.

v) Aínda que os bolseiros teñen preferencia para elixir destino en función da nota final acadada, o Igape resérvase a posibilidade de cambiar os destinos dos bolseiros, no caso de concorrer causa xustificada.

b) Unha vez preseleccionados ata 25 bolseiros polo procedemento descrito, o resto dos candidatos con maior puntuación ata un máximo de 25 (catorce do idioma inglés, catro do idioma alemán, tres do idioma portugués e dous por cada un dos restantes idiomas: francés, italiano) pasarán a integrar as listas de reservas que servirán para resolver as posibles renuncias ou incidencias.

O procedemento para cubrir as renuncias realizarase na forma prevista no apartado b) anterior.

No caso de producirse unha renuncia, o Igape poderá cambiar de destino a outro bolseiro do mesmo idioma.

No caso de que non houber ningún destino dispoñible para algún dos idiomas recollidos no punto 2.4, os bolseiros que se examinasen do dito idioma pasarán a optar aos destinos nos que o idioma oficial é o castelán (punto 7.10, a), i), grupo 6).

No caso de esgotarse os reservas dispoñibles para un determinado destino, este poderá cubrirse cun reserva doutro idioma, por orde de puntuación final obtida e sempre que acredite un nivel mínimo do idioma esixido para o destino en cuestión.

c) Unha vez elixidos os destinos, a Dirección da Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial do Igape remitirá proposta de adxudicación, para a súa resolución pola Dirección Xeral. A resolución conterá o nome do adxudicatario, a data de comezo da bolsa, o destino, a dotación económica, as listas de reservas e cantas cuestións se consideren convenientes para o correcto desenvolvemento das actividades que van realizar os bolseiros.

d) Para os efectos establecidos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás bolsas especificadas nestas bases será de 6 meses desde a publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* cumprido o dito prazo entenderanse desestimadas aquelas solicitudes sobre as que non recaese resolución expresa. No caso de que, por disposición legal, variase o sentido do silencio o procedemento adaptárase ao disposto nela.

e) As resolucións dos expedientes instruídos ao abeiro do disposto nestas bases esgotarán a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto na Lei da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpor contra elas recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do recurso contencioso-administrativo, poderase interpor no prazo dun mes desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, recurso de reposición, que resolverá o director xeral do Igape.

Base 8ª.-*Aceptación da bolsa.*

O Igape notificaralle a cada adxudicatario a concesión da bolsa, quen no prazo de dez días hábiles desde a súa notificación deberá aceptala nos seus termos e comprometerse a cumprir todas e cada unha das condicións recollidas nestas bases e na resolución de concesión. Se no dito prazo non constase a súa aceptación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Base 9ª.-*Bolsa de traballo.*

Para facilitar o acceso de especialistas en comercio exterior ás empresas o Igape porá á súa disposición unha bolsa de traballo que publicará sen que consten os datos persoais dos devanditos e difundiraa entre empresas e organismos galegos.

Unha vez rematada a bolsa, os seus beneficiarios comprométese a formar parte desta bolsa de traballo publicada na web do Igape para efectos de recibir ofertas de traballo, durante un período mínimo dun ano desde o remate da bolsa. Poderán darse de baixa desta bolsa en calquera momento logo de solicitude por escrito ao Igape.

Base 10ª.-*Obrigas dos bolseiros.*

Sen prexuízo doutras obrigas conforme esta convocatoria e demais disposicións aplicables, os beneficiarios das bolsas quedarán suxeitos ás seguintes obrigas:

10.1. Participar nas actividades de formación teórica e práctica que o Igape organice para os bolseiros antes de ocupar o seu destino.

10.2. Incorporarse ao seu destino dentro do prazo fixado na resolución de concesión.

10.3. Cumprir as instrucións fixadas ou que lle sexan transmitidas polo Igape para o desenvolvemento do obxecto da bolsa.

10.4. Cumprir as normas de conduta da oficina ou entidade onde o bolseiro estea instalado.

10.5. Elaborar e presentarlle ao Igape os estudos, informes ou traballos prácticos que lle sexan encomendados durante a duración da bolsa e, ao remate desta, presentar unha memoria final sobre os traballos realizados e, se for o caso, devolver o material non funxible entregado polo Igape para o desenvolvemento da bolsa.

10.6. Xestionar, tramitar e obter os visados, permisos ou autorizacións exixidos polas autoridades do país ou cidade de destino e presentar unha copia no Igape antes de ocupar o seu destino.

10.7. Vacinarse e recibir os tratamentos preventivos necesarios para o país ou cidade de destino.

10.8. Contratar un seguro de enfermidade e accidentes por unha duración equivalente á da bolsa e as súas posibles prórrogas e presentar unha copia no Igape antes de ocupar o seu destino.

Base 11ª.-*Incumprimento.*

11.1. Procederá a revogación da bolsa e, se é o caso, o reintegro das cantidades anticipadas e os seus xuros de demora devengados desde o seu pagamento, cando o bolseiro incumpra calquera das bases da convocatoria ou os compromisos contraídos na resolución de concesión, así como nos casos previstos nos artigos 33 e concordantes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

En calquera momento o Igape poderá comprobar, mediante os mecanismos de inspección e de control que considere convenientes, as actividades dos beneficiarios relativas á bolsa concedida.

11.2. Ao termo do primeiro semestre o Igape revisará o cumprimento do programa de formación asignado e resérvase a facultade de revogar a bolsa se o bolseiro incumpre as súas obrigas, sen que sexa por algunha causa xustificada ou motivo de forza maior.

11.3. No caso de que o bolseiro renuncie á bolsa concedida deberá comunicalo ao Igape por escrito con, polo menos, 15 días de antelación á data na que abandone o seu posto no organismo de destino. Este prazo establécese con carácter xeral sen prexuízo de que por causas de forza maior non poida cumprirse o dito prazo.

11.4. En todos os casos, a cantidade anticipada que hai que devolver obtérase pola diferenza entre a dotación percibida ata o momento da renuncia e a que lle corresponde polos días efectivamente desfrutados.

11.5. O procedemento de incumprimento iniciarao o Igape, de oficio, ben por iniciativa do órgano concedente, ou como consecuencia das actuacións de control da Intervención Xeral, por petición razoada doutros órganos que teñan atribuídas facultades de comprobación na materia ou por denuncia.

11.6. O órgano competente para iniciar, tramitar e resolver o expediente será aquel que ditou a resolución de concesión.

11.7. O procedemento iniciárase mediante a comunicación ao beneficiario das presuntas causas determinantes do incumprimento e as posibles consecuencias del. Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións ou achegar documentos e outros elementos de xuízo.

11.8. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñerase de manifesto aos interesados, que disporán dun prazo de quince días para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

11.9. Presentadas as alegacións ou transcorrido o prazo de quince días sen contestación por parte do beneficiario, o Igape ditará a resolución que proceda, pronunciándose sobre o alcance do incumprimento e, se é o caso, a obriga de reintegro das cantidades percibidas.

11.10. O prazo máximo para resolver os procedementos sobre incumprimento será de doce meses computados desde o acordo de iniciación. Se pasado o dito prazo non se ditase resolución, entenderase caducado o procedemento sen prexuízo de que se notifique a resolución que declare a caducidade e ordenando o arquivo das actuacións.

11.11. O reintegro voluntario polo interesado, en calquera momento anterior á proposta de resolución, producirá a terminación do procedemento, sen prexuízo de que se dite resolución pola que se declare dita circunstancia e da iniciación do procedemento sancionador cando os feitos que motivaron o procedemento de reintegro puideran ser constitutivos de infracción administrativa.

Base 12ª.-*Certificado da bolsa.*

Tras a presentación no Igape da memoria final das actividades realizadas, o bolseiro terá dereito a recibir un certificado de beneficiario da bolsa concedida. Este certificado incluírá unha declaración na que se informe de que a bolsa foi cofinanciada polo Fondo Social Europeo.

Base 13ª.-*Incidencias.*

Calquera alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión das axudas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, ben por instancia do solicitante ou de oficio, pola Dirección do Igape.

As renuncias que se produzan poderán ser substituídas pola Dirección Xeral do Igape de acordo coa lista de reserva.

Base 14ª.-*Propiedade dos traballos.*

Coa aceptación da bolsa, todos os dereitos de explotación dos estudos, informes e outros traballos que realice o bolseiro no desenvolvemento das prácticas realizadas, cédenselle ao Igape, que poderá facer uso deles e explotalos como crea conveniente directamente ou mediante a súa cesión a terceiros.

Base 15ª.-*Natureza e incompatibilidade da bolsa.*

A concesión ou desfrute destas bolsas non implica ningunha vinculación laboral entre o beneficiario e o Igape, nin supoñen ningún compromiso ou dereito de incorporación ao seu cadro de persoal, non tendo o bolseiro, en ningún caso, a representación do Igape.

As bolsas outorgadas son incompatibles con calquera outra bolsa ou axuda de similares características, así como con calquera relación laboral ou de prestación de servizos remunerada do bolseiro.

Base 16ª.-*Control.*

Os beneficiarios someteranse ás actuacións de control que efectúe o Igape e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ás previstas na lexislación do Consello de Contas e do Tribunal de Contas, así como ás que poidan efectuar os órganos competentes da Unión Europea e, en xeral, os encargados do control do Fondo Social Europeo. Neste senso, os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que sexa requirida polo ditos organismos.

Base 17ª.-*Interpretación.*

Correspóndelle ao director xeral do Igape a facultade de ditar as disposicións necesarias para a aplicación das axudas previstas nestas bases, así como para resolver as dúbidas concretas que se susciten na súa aplicación.

Base 18ª.-*Publicación.*

18.1. De conformidade co artigo 6 do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L 371, do 27 de decembro), co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, o Instituto Galego de Promoción Económica publicará as bolsas concedidas ao abeiro destas bases no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, www.igape.es, expresando beneficiario, finalidade, contía e aplicación orzamentaria, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación nos citados medios.

18.2. De conformidade cos apartados 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das bolsas concedidas ao abeiro destas bases e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

Base 19ª.-*Aplicación normativa supletoria.*

En todo o non previsto nestas bases, será de aplicación o establecido na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

Disposición derradeira

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANEXO II

Documentación solicitantes

1. Instancia de solicitude segundo o modelo establecido no anexo III.

2. Dúas fotografías tamaño carné co nome do solicitante ao dorso.

3. Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte.

4. *Curriculum vitae*.

5. Acreditación do cumprimento de polo menos unha das seguintes condicións:

5.1. Veciñanza administrativa en Galicia: orixinal ou fotocopia compulsada do certificado de empadronamento cunha antigüidade superior a 24 meses.

5.2. Ser natural de Galicia: fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte.

5.3. Ser fillo ou descendente directo ata o terceiro grao de emigrantes galegos no exterior: fotocopia compulsada da documentación oficial acreditativa da ascendencia natural de Galicia (fotocopia compulsada do pasaporte ou DNI do ascendente/s en que figure o lugar de nacemento ou, no seu defecto, a partida/s de nacemento).

6. Fotocopia compulsada do título segundo o expresado na base 2.3 ou, no seu defecto, do resgar do de ter pagadas as taxas para a súa obtención.

7. Fotocopia compulsada do expediente académico expedido polo centro ou institución onde o solicitante realizara os seus estudos superiores.

8. Fotocopia compulsada do certificado de Lingua Galega Celga 3, ou equivalente.

9. Declaración responsable de non ter obtido ou desfrutado dunha bolsa concedida mediante resolución do Igape en convocatorias anteriores, así como de non estar desfrutando durante o proceso de selección doutra bolsa no Igape doutras institucións.

10. Declaración responsable de non ter desfrutado doutra bolsa no estranxeiro concedida por outros organismos segundo o establecido na base 2.6.

11. Declaración responsable de atoparse ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

12. Certificado médico oficial de boa saúde para o normal exercicio da bolsa, emitido cunha antigüidade inferior ou igual a 30 días naturais desde a data de presentación da solicitude.

13. Acreditación, se é o caso, da experiencia laboral:

-Por conta allea: orixinal ou fotocopia compulsada do informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou organismo equivalente estranxeiro.

-Por conta propia: orixinal ou fotocopia compulsada dos recibos do último ano de cotización no réxime especial de traballadores autónomos.

14. No caso de títulos expedidos por centros estranxeiros ou privados será preciso que os acrediten cunha fotocopia compulsada da homologación concedida polo Ministerio de Educación e Cultura español, ademais da copia compulsada do expediente académico, que no caso de estar nun idioma non oficial en Galicia terá que ir traducido por un intérprete xurado.

15. Acreditación da formación específica en comercio exterior mediante fotocopia compulsada do certificado de realización do curso completo nesta materia no que conste o número de horas ou créditos do curso. O curso deberá estar finalizado na data de publicación desta convocatoria.

16. Declaración expresa doutras axudas segundo o anexo IV.

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
BOLSAS DE PROMOCIÓN EXTERIOR 2009	EC412A	SOLICITUDE

DATOS DO/A SOLICITANTE					
DNI/PASAPORTE		TITULACIÓN		ESPECIALIDADE	
DATA OBTENCIÓN TÍTULO	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME		
LUGAR DE NACEMENTO		PAÍS	DATA DE NACEMENTO		
DOMICILIO ACTUAL (RÚA, Nº, PISO E LETRA)					
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	PROVINCIA		
CONCELLO	LOCALIDADE	CODIGO POSTAL	PAÍS		

A) CONTRATOS DE TRABALLO POR TEMPO SUPERIOR A 1 ANO	SI	☐	NON	☐
B) FOI BENEFICIARIO DA CONCESIÓN OU DESFRUTE DALGUNHA BOLSA DO IGAPE?.....	SI	☐	NON	☐
C) ESTÁ DESFRUTANDO DURANTE O PROCESO DE SELECCIÓN DOUTRA BOLSA NO IGAPE DOUTRAS INSTITUCIÓN?.....	SI	☐	NON	☐
D) DESFRUTOU DALGUNHA BOLSA NO ESTRANXEIRO CONCEDIDA POR OUTROS ORGANISMOS?.....	SI	☐	NON	☐
E) FILLO DE EMIGRANTES.....	SI	☐	NON	☐
F) NATURAL DE GALICIA	SI	☐	NON	☐
G) EMPADROADO EN GALICIA CON ANTIGÜIDADE SUPERIOR A 24 MESES.....	SI	☐	NON	☐
H) IDIOMA DO QUE DESEXA EXAMINARSE SEGUNDO A BASE 2.4:				
I) POSÚE FORMACIÓN ESPECÍFICA EN COMERCIO EXTERIOR?.....	SI	☐	NON	☐

AUTOAVALIACIÓN	
Nº DE MATERIAS.....	
Nº DE APROBADOS.....	x5
Nº DE NOTABLES.....	x7
Nº DE SOBRESALIENTES.....	x9
Nº DE MATRÍCULAS DE HONRA.....	x10
TOTAL.....	0
NOTA MEDIA.....	

O solicitante declara baixo a súa responsabilidade que todos os datos que figuran nesta solicitude son certos, e acepta que son necesarios para a tramitación do expediente de referencia, e que a consecuencia da falsidade dalgún deles dará lugar ás responsabilidades esixibles legalmente.

Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. O solicitante autoriza expresamente ao Igape, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas que o Instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape, complexo administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela.

Así mesmo, autoriza ao Igape para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda, e da Seguridade Social, a información a que se refire o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas tributarias estatais e autonómicas, as obrigas coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.

De conformidade co artigo 6 do Regulamento (CE) nº 1828/2006, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L 371, do 27 de decembro), co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xuño, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das bolsas concedidas ao abeiro destas bases; e incluírá igualmente as bolsas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

O solicitante AUTORIZA o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da bolsa concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas webs oficiais do Igape e da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmasele de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como rsponsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
<i>Resolución do 6 de febreiro de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras da convocatoria para o exercicio 2009 de 25 bolsas de promoción exterior.</i>		
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
		____/____/____
Lugar e data	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____



ANEXO IV

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona con DNI/pasaporte nº **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Que, para a súa formación como especialista no ámbito internacional, solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

	ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE €
AXUDAS CONCEDIDAS				
AXUDAS SOLICITADAS				

Así mesmo, o asinante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

,

(Sinatura)

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA**

Corrección de erros.-Orde do 4 de xullo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso na agrupación profesional de persoal subalterno da Xunta de Galicia.

Advertidos erros na orde antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 130, do 7 de xullo de 2008, é necesario facer as seguintes correccións:

Na páxina 13.237, onde di: «II.2.3. Rematada a fase de oposición, desde a publicación polo tribunal das notas do segundo exercicio, os aspirantes deberán proceder ...», debe dicir: «II.2.3. Desde a publicación polo tribunal das notas do segundo exercicio, os aspirantes deberán proceder ...».

Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se elevan a definitivas as propostas de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso en diversas categorías dos grupos IV e V, de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

A Orde do 29 de febreiro de 2008 pola que se modifica a Orde do 25 de maio de 2005 pola que se procede ao nomeamento como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia dos aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 26 de decembro de 2002 de diversas categorías correspondentes aos grupos III, IV e V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (DOG do 2 e 3 de xaneiro de 2003), anulou o nomeamento como persoal laboral fixo segundo a aplicación da Orde do 6 de abril de 2006 pola que se modificou a Orde do 26 de decembro de 2002 (DOG do 2 e 3 de xaneiro de 2003) polas que se convocaba proceso selectivo para o acceso ás categorías correspondentes aos grupos IV e V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia no